

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pela
União Europeia



XUNTA
DE GALICIA

España - Portugal

Es_factory

ESTUDO BENCHMARKING

Viabilidade da lexislación para a inclusión das cooperativas de impulso de capacidades/empendedoras para a xeración de emprego de calidade



XUNTA
DE GALICIA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

agaca
Asociación Galega de
Cooperativas Agroalimentarias

espazo coop
unión de cooperativas galegas

Aesgal
Asociación Española de
Sectorial

utad
UNIVERSIDADE
DE TRÁS-OS-MONTES
& ALTO ALENTO

TECMINHO
Instituto de Inovação em Tecnologia

in.cubo
Inciubadora de
Iniciativas Empresariais
Inovadoras

Índice

1.- CONCEPTO E CARÁCTERÍSTICAS.....	3
2. FORMA XURÍDICA - OBXECTO SOCIAL – PERSOAS SOCIAS.....	7
2.1 FORMA XURÍDICA.....	8
a) CONSTITUCIÓN.	
b) ESTATUTOS E REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR.	
c) CARTA DE SERVICIOS.	
2.2 OBXECTO SOCIAL.....	9
2.3 PERSOAS SOCIAS.....	10
3. FIGURAS AFÍNS NA LEXISLACIÓN ACTUAL GALEGA.....	12
3.1 COOPERATIVAS DE TRABALLO ASOCIADO.....	13
3.2. COOPERATIVAS DE SERVIZOS.	13
3.3. COOPERATIVAS DE CONSUMIDORES E USUARIOS.	13
3.4. CLASIFICACION AUTÓNOMA DAS COOPERATIVAS DE FOMENTO DO EMPRENDEMENTO.....	14
4. MARCO LEXISLATIVO COMPARADO.....	15
4.1 COOPERATIVAS IMPULSO EMPRESARIAL EN FUNCIONAMENTO.....	20
a) MODELO SMART IBERICA DE IMPULSO EMPRESARIAL.	
b) MODELO FEVECTA.	
4.2 FIGURAS AFINS NOUTRAS LEXISLACIÓNS AUTONÓMICAS.....	26
a) MODELO ACELERA.	
b) MODELO UCOMUR.	
4.3 AS COOPERATIVAS NA NORMATIVA PORTUGUESA.....	31
5. VIABILIDADE DE INCORPORACIÓN Á LEI DE COOPERATIVAS DE GALICIA	34

1. Concepto características

e



A Economía Social é recoñecida como un modelo económico de grande interese en Europa por ser unha fonte de emprego sostible. Segundo o Informe de evolución e tendencias no ámbito da Economía Social elaborado pola Confederación Empresarial Española da Economía Social (CEPES) do ano 2023, a Economía Social representa o 10% do PIB da Unión Europea xerando máis de 14 millóns de empregos en Europa e 2.200.000 postos de traballo (directos e indirectos) en España.

É importante destacar que a Economía Social da resposta aos principais retos da sociedade como, entre outros, o emprego, a vivenda, a banca ética, a alimentación sostible ou a exclusión social. Así mesmo, representa un modelo empresarial que está a acelerar os grandes procesos de transformación en Europa, facéndoo con empresas competitivas, presentes en todos os sectores económicos.

Neste sentido, **a Economía Social é un motor clave do desenvolvemento económico e social en Europa**, aglutinando unha ampla e rica variedade de formas organizativas formadas en diversos contextos nacionais e de benestar social, pero con valores, características e obxectivos comúns, combinando actividades económicas sostibles cun impacto social positivo, axustando, ao mesmo tempo, os bens e servizos ás necesidades existentes. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) de Nacións Unidas son unha evidencia das oportunidades que ofrece a Economía Social e por iso situárona no foco das Axendas 2030 nacionais, rexionais e locais.

Pola súa banda, a Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia, define a Economía Social ao conxunto das actividades económicas e empresariais que, no ámbito privado, levan a cabo aquelas entidades que se rexen polos principios recollidos no artigo 5 da devandita norma, as cales perseguen o interese colectivo das persoas que as integran, o interese xeral económico ou social, ou ambos.

Os principios orientadores da Economía Social, segundo o mencionado artigo 5, son os seguintes *“As entidades de economía social, inspiradas polos valores de axuda mutua, responsabilidade, democracia, igualdade, equidade, solidariedade, honestidade, transparencia, autonomía, autoxestión, responsabilidade social e preocupación polas demais persoas, están informadas polos seguintes principios orientadores:*

a) **A primacía das persoas e do fin social sobre o capital**, que se concreta nunha xestión autónoma e transparente, democrática e participativa, a cal leva a priorizar a toma de decisións máis en función das persoas e as súas achegas de traballo e servizos prestados á entidade, ou en función do fin social, que en relación ás súas achegas ao capital social.

b) **A aplicación dos resultados obtidos da actividade económica**, principalmente en función do traballo achegado e do servizo ou actividade realizados polas socias e socios ou polas persoas integrantes, no seu caso, ao fin social obxecto da entidade, ao servizo da consecución de obxectivos como o desenvolvemento sostible, o interese dos servizos aos membros e o interese xeral.

c) **A promoción da solidariedade interna e coa sociedade** que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a cooperación, a inserción de persoas con discapacidade e de persoas en risco ou en situación de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e a sustentabilidade.

d) **A independencia con respecto aos poderes públicos.**

e) ***O compromiso co territorio, fronte ao despoboamento e o envellecemento no medio rural galego, inxectando estabilidade e futuro.***

f) ***O fortalecemento da democracia institucional e económica.***

Por outra banda, nos últimos anos os avances tecnolóxicos, a evolución demográfica e os efectos da crise económica e de saúde derivada da COVID-19, transformaron en profundidade o mercado único europeo, xurdindo novas iniciativas económicas (como a economía circular, a economía colaborativa ou a economía dixital) irrompendo con forza novos modelos de negocio, como o emprendemento dixital que favorece á produción descentralizada e alternativa á organización tradicional do traballo.

A fisionomía do mercado de traballo parece que evoluciona cara unha maior autonomía e flexibilidade nas relacións de traballo nas que as empresas de dimensión reducida son as predominantes, sendo unha verdadeira oportunidade para o crecemento económico sostible e a xeración de emprego de calidade, o que require que se fomente o espírito empresarial en empresas pertencentes á Economía Social.

Dentro deste contexto é onde nace o novo modelo cooperativo obxecto do presente estudo: **As cooperativas de impulso de capacidades / emprendemento.**

Esta nova tipoloxía de cooperativas son unha fórmula empresarial que permiten a aquelas persoas emprendedoras que teñen unha idea de negocio a desenvolver dentro da Economía Social, obter unha experiencia real de emprendemento nunha contorna protexida, procurando acadar empregos de calidade, reducindo os riscos e minimizando os custes de lanzamento da idea de negocio.

Polo tanto, as cooperativas de impulso do emprendemento supoñen unha **aposta de futuro para impulsar empresas emerxentes dentro da Economía Social.** Este modelo permite contrastar aos grupos de emprendedores o seu modelo de negocio no mercado con carácter previo á súa posta en marcha formalmente, polo que o proxecto empresarial resultará máis consistente e competitivo, permitíndolles testear a súa idea e comprobar se a mesma ten encaixe no mercado e viabilidade económica.

A cooperativa de fomento do emprendemento funciona, polo tanto, como un ente protector (e promotor) que proporciona ás persoas emprendedoras uns servizos que lles permiten centrarse en desenvolver a súa idea, así como probala dunha maneira segura, cómoda e cos apoios técnicos e xurídicos necesarios.

Entre os servizos que desenvolven as Cooperativas de fomento do emprendemento, podemos destacar os seguintes:

a) **Orientación profesional:** A entidade pode guiar ás persoas socias para valorar as posibilidades de éxito na súa idea de negocio, mediante un acompañamento personalizado segundo as necesidades de cada proxecto. Dentro desta orientación profesional inclúese o asesoramento sobre o modelo de negocio e sobre a súa viabilidade económica.

b) **Formación en habilidades empresariais para o desenvolvemento da actividade empresarial.** A cooperativa poderá facilitar formación á persoa socia de maneira individual ou grupal con outros socios/as, mediante a impartición de talleres, seminarios ou reunións nas que se facilite formación específica naqueles ámbitos que resulten de necesario coñecemento para o desenvolvemento da actividade autónoma, como axuda na

formulación e seguimento dos plans de márketing, de xestión empresarial, información contable, acción comercial, etc.

c) Apoio técnico titorizado nos primeiros meses da posta en marcha da idea de negocio. Esta actividade permite servir de guía á persoa socia naqueles aspectos que sexan precisos para a continuidade do seu negocio, como a incorporación a redes empresariais existentes, a mellora das súas relacións cos clientes, a procura de fidelización, etc.

d) Asesoramento xurídico e económico e a xestión administrativa, fiscal, laboral e contable da actividade.

e) Prestación de servizos mutualizados que permitan a asunción colectiva dos riscos e beneficios. Estes servizos poderían prestarse mediante a subscrición de pólizas colectivas de responsabilidade civil, a constitución dun fondo de garantía para a cobranza dos créditos debidos polos clientes, a cobertura colectiva en prevención, ofrecemento de avais, o uso de espazos comúns ou mesmo a compra colectiva de equipamentos.

Tal e como se recolle no preámbulo da Lei 14/2011, do 23 de decembro, de Sociedades Cooperativas Andaluzas, a finalidade desta tipoloxía de cooperativas sería a de *“canalizar as inquietudes emprendedoras dos seus eventuais socios e socias en calquera das súas formas previstas no artigo 93, asumindo, singularmente o obxectivo de contribuír desde o modelo cooperativo ao asesoramento con carácter regular e colectivos que eventualmente se prestarían no ámbito da economía informal”*. O factor causal que motiva a súa constitución, e que debería estar presente durante toda a vida da sociedade cooperativa, é a de prestar servizos á persoa socia, dirixindo ou orientando a súa idea ou proxecto empresarial de negocio.

Para dar cumprimento ao anterior, este modelo dispón dos múltiples servizos xa referenciados, que dan apoio e valor engadido ás actividades que realizan as persoas socias emprendedoras, así mesmo, tamén se contribúe co asesoramento de aquelas actividades autónomas que eventualmente se prestarían no ámbito da economía informal.

Con mesma finalidade (a promoción da actividade emprendedora e o ordenamento de actividades irregulares), xustifícase a creación de esta modalidade societaria no preámbulo da Lei 6/2013, do 6 de novembro, de Cooperativas de Cantabria: *“As cooperativas de impulso empresarial pretenden facilitar a innovación social desde un estricto cumprimento dos principios cooperativos. Trátase dunha eficaz ferramenta de fomento do emprendemento dos seus socios, capaz de conseguir o asesoramento de servizos que doutro modo permanecerían no ámbito da economía informal”*.

Con todo, a normativa cántabra incide na estricta observancia dos principios cooperativos, o que segundo o noso entender debería terse en plena consideración no que respecta ao funcionamento interno da sociedade e que, máis alá de servir soamente de recordatorio, ven a limitar a creación de entes que, baixo esta nova tipoloxía societaria, pretendan a creación de empresas con outros fins diferentes aos das cooperativas de fomento do emprendemento por non cumprir cos principios obrigatorios que caracterizan ás sociedades cooperativas, é dicir, que a forma societaria non bastaría, por si soa, para ser unha sociedade cooperativa se a actividade que se leva a cabo non se acompaña do cumprimento dos principios e valores cooperativos de adhesión voluntaria e aberta, xestión democrática, participación económica das persoas socias, autonomía e independencia, educación, formación e información, cooperación entre sociedades cooperativas e intereses pola comunidade.

2. Forma xurídica

Obxecto Social

Persoas Socias



2.1. Forma xurídica

2.1 Constitución

A Sociedade Cooperativa de fomento do emprendemento non presenta ningunha particularidade con respecto á constitución doutro tipo de sociedade cooperativa. Tal e como establece a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia no seu artigo 11 “A sociedade cooperativa constituirase mediante escritura pública que se inscribirá no correspondente rexistro de cooperativas, adquirindo neste momento personalidade xurídica.”

Así mesmo, será precisa a celebración da asemblea constituínte con carácter previo á elevación a pública da escritura de constitución da sociedade cooperativa, que estará integrada polos promotores da sociedade.

2.2. Estatutos e Regulamento de réxime interior

Respecto dos estatutos da cooperativa de fomento do emprendemento deberán cumprir cos mesmos requisitos que os previstos na Lei de cooperativas de Galicia, incorporando o contido mínimo previsto no artigo 14.

Como particularidade, o Decreto 123/2014, do 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 14/2011, do 23 de decembro, de Sociedades Cooperativas Andaluzas, ao regular as Cooperativas de impulso empresarial, análogas as de fomento do emprendemento, establece que “Na **denominación** deste tipo de cooperativas deberá aparecer a expresión «de impulso empresarial». As cooperativas de impulso empresarial poderán ter o carácter de interese social, nese caso deberán incluír na súa denominación a expresión «de impulso empresarial e interese social».”

Respecto das persoas socias das cooperativas de impulso empresarial, o Regulamento de Sociedades Cooperativas Andaluzas prevé a posibilidade de que os estatutos establezan como **causa específica de exclusión** das socias usuarias “non alcanzar durante tres meses consecutivos, ou durante cinco meses en cómputo anual, un volume de facturación igual ou superior ao salario mínimo interprofesional, correspondente aos devanditos períodos. Con todo, os estatutos da entidade poderán dispoñer a consideración das persoas socias usuarias que non alcancen tales marxes de facturación como socios e socias usuarios de carácter intermitente.”

Continuando coa regulación andaluza a este respecto, prevese tamén que estatutariamente se determine a **porcentaxe de votos** que corresponda ás persoas socias de estrutura (con permanencia na cooperativa) sen que, en ningún caso, poida superar o trinta por cento dos votos sociais, e impondo maiorías cualificadas para a adopción de determinados acordos.

Tamén prevé a obrigação para este tipo de cooperativas de incorporar un **Regulamento de réxime interior** que contería polo menos, os seguintes extremos:

a) *Supostos en que se poderá compatibilizar a condición de persoa socia de estrutura e persoa socia usuaria (...).*

- b) *Fixación, no seu caso, dun estatuto económico diferenciado para ambas as clases de persoas socias (...).*
- c) *Traballos que as persoas socias de estrutura deben prestar aos socios e socias usuarios, identificando, como mínimo, cales son, en que consisten, as condicións técnicas da súa prestación e o seu grao de permanencia.*
- d) *Determinación do período de duración do acompañamento á actividade emprendedora.*
- e) *Características específicas que deberán establecerse nos convenios de acompañamento que, no seu caso, subscriba a sociedade cooperativa con cada persoa socia usuaria.*

2.3 Carta de servizos

Outra das obrigacións que impón a lexislación andaluza a este tipo de cooperativas é a de dispoñer dunha **Carta de Servizos** que haberá de estar permanentemente actualizada, e na que se informará tanto ás persoas usuarias non socias como á cidadanía en xeral, sobre os servizos que proporcionan, os dereitos que asisten ás citadas persoas usuarias e os compromisos de calidade que asumen na súa prestación.

2.2 Obxecto Social

O obxecto social deste tipo de Sociedade Cooperativa é canalizar, no ámbito da súa organización, a iniciativa emprendedora dos seus socios e socias, mediante a orientación profesional, a provisión de habilidades empresariais precisas para o desenvolvemento de cada unha das súas actividades, a titorización das devanditas actividades nos primeiros anos do seu exercicio ou a prestación de determinados servizos comúns ás persoas socias que lles proporcione un ámbito onde desempeñar regularmente a súa actividade profesional.

Promover por medio de actividades como a orientación profesional, a facilitación de habilidades empresariais precisas para o desenvolvemento de cada unha das súas actividades, a titorización destas actividades nos primeiros anos de exercicio ou a prestación de determinados servizos comúns aos socios que lles proporcione un ámbito onde desenvolver a súa actividade profesional. Tamén o fomento do emprego cooperativo e favorecemento dun desenvolvemento socioeconómico sostible e innovador.

A cooperativa de impulso empresarial ten a virtude de ser un modelo especialmente concibido para desenvolver o obxecto social de promover o emprendemento entre as súas persoas socias, permitindo orientar ese emprendemento non só individualmente senón colectivamente, priorizando o emprendemento na Economía Social.

Esta tipoloxía de cooperativas teñen por obxecto xerar comunidades de axuda mutua ao redor da necesidade común das persoas socias de crear o seu propio posto de traballo

nunhas condicións que lle permitan un desenvolvemento profesional acorde ás súas capacidades e aspiracións persoais.

As cooperativas de fomento do emprendemento terán como obxectivos prioritarios, os seguintes:

- Proporcionar unha contorna para que as persoas emprendedoras poidan testear a súa idea de negocio de maneira real no mercado baixo unhas condicións de seguridade.
- Realizar a facturación da cooperativa aos clientes do proxecto emprendedor.
- Proporcionar un espazo físico para formarse e realizar redes de contacto.
- Facilitar unha primeira experiencia emprendedora para que a persoa socia perda o medo para iniciar unha actividade empresarial.
- Recibir mentorización en diversas áreas como son finanzas, márketing, xestión de persoal, temas legais, etc.

2.3 Persoas Socias

As regulacións autonómicas actuais deste tipo de cooperativas prevén diferentes tipoloxías de persoas socias.

No caso da lexislación andaluza, o Regulamento de Sociedades Cooperativas Andaluzas, no seu artigo 82 regula a coexistencia de dous tipos de persoas socias:

- **Persoa socia de estrutura:** As prestadoras de orientación, formación, titoría ou servizos complementarios, que se denominan socios e socias de estrutura.
- **Persoa socia usuaria:** As beneficiarias das prestacións por parte das socias de estrutura, que reciben a cualificación de socios e socias usuarios.

Ademais dos socios de estrutura e dos socios usuarios, a Lei Andaluza de Cooperativas regula outras tipoloxías de persoas socias que tamén terían cabida na Cooperativa de Emprendemento:

- **Persoas socias temporais:** para a realización societaria dunha tarefa ou proxecto de duración determinada, de duración igual ou superior a seis meses e como máximo durante seis anos.
- **Persoas socias inactivas:** as que tendo unha antigüidade mínima na entidade de 5 anos deixen a súa actividade e sexan autorizados pola entidade para manter a súa vinculación.
- **Persoas socias colaboradoras:** persoas físicas ou xurídicas que, sen realizar a actividade cooperativizada, contribúan á consecución do seu obxecto social.
- **Persoas socias inversoras:** aquelas que participan investindo no capital social –por unha duración mínima de 7 anos– sen realizar actividade societaria.

Pola súa banda, a lexislación valenciana, en materia de cooperativas de emprendemento, Decreto Lexislativo 2/2015, do 15 de maio, do Consell, polo que aproba o texto refundido da Lei de Cooperativas da Comunitat Valenciana, tamén contempla dous tipos de persoas socias, por unha banda, as persoas físicas portadoras dun proxecto empresarial e cuxa permanencia na cooperativa será limitada temporalmente; e por outra, persoas xurídicas que teñan por obxecto o fomento do cooperativismo e cuxa permanencia na cooperativa será indefinida.

Artigo 97.bis: “2. *Poderán incorporarse á cooperativa de emprendemento persoas físicas portadoras dun proxecto empresarial que aspiren a constituírse en cooperativa. A **permanencia na cooperativa destes socios e socias, que en ningún caso poderá exceder do prazo dun ano**, estará limitada ao tempo necesario para finalizar e poñer a proba o seu proxecto empresarial, así como para tomar a decisión de constituír ou non unha cooperativa. Transcorrido este tempo, a persoa socia causará baixa e terá dereito á liquidación da súa achega obrigatoria a capital, que lle será reembolsada no momento da baixa (...).* 3. *Tamén poderán integrarse como socios das cooperativas de emprendemento persoas xurídicas que teñan por obxecto o fomento do cooperativismo ou do emprendemento en territorio da Comunitat Valenciana, ou ben a loita contra o desemprego. A súa permanencia na cooperativa terá carácter indefinido.*”

No caso da lexislación galega, contamos coa distinción de diferentes tipos de persoas socias nos artigos 27 e seguintes da Lei 5/1998, de 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia; O socio a proba e o socio excedente que se refiren a posicións temporais nas que as persoas socias das diferentes tipoloxía de cooperativas reguladas, poden atoparse nun momento determinado.

Resulta de especial interese destacar a figura das persoas **Socias colaboradoras** recollida no artigo 29 da Lei de Sociedades Cooperativas de Galicia: “1. *Os estatutos poderán prever e regular a existencia de socios colaboradores, persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que, sen poder realizar plenamente o obxecto social cooperativo, poidan colaborar na súa consecución. (...) poderán ser socios colaboradores aquelas cooperativas coas que se subscribiu un acordo de colaboración intercooperativo (...).*”

Tal e como analizaremos no apartado Cuarto de este estudo sobre lexislación comparada, as comunidades autónomas onde desenvolven a súa actividade algunhas cooperativas de emprendemento, como Navarra e o Principado de Asturias, e que carecen dun marco xurídico específico para iso, tiveron que conxugar as diversas posibilidades que as súas lexislacións lle ofrecían ou permitían, para tratar de construír un modelo que respondera as súas necesidades.

Neste marco xurídico se recorre as figuras xa existentes na súa lexislación como son as **cooperativas de servizos** e as **cooperativas de consumidores e usuarios**. Distinguindo nestes casos dúas tipoloxías de persoas socias, as socias cooperativas que prestan os servizos e son as que fan a titorización das persoas emprendedoras, o seguimento dos proxectos, a labor da orientación, etc.; e as socias colaboradoras, que son as que se benefician dos servizos propiamente dito.

3. Figuras afíns na lexislación actual galega

3.1 Cooperativas de Trabajo Asociado

(Artigo 104 e seguintes da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia)

Na nosa opinión, a clasificación das cooperativas de impulso empresarial como cooperativas de traballo asociado non resultaría a máis idónea para esta modalidade societaria se atendemos ao concepto clásico das cooperativas de traballo, cuxa nota singular ou predominante é o traballo común dos seus socios mediante a produción de bens ou servizos para terceiras persoas.

O traballo en común ou en conxunto que se atopa ausente neste modelo cooperativo que, fundamentalmente, consiste en servir de apoio ás persoas emprendedoras de xeito colectivo ou individual. Aínda que con esta actividade se consiga a creación e impulso de novos postos de traballo, non existe unha organización colectiva do traballo, nin unha aposta común da actividade de todas as persoas socias, nin tampouco dos seus medios de produción.

3.2 Cooperativas de Servizos

(Artigo 115 e seguintes da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia)

Precisamente o dobre obxectivo de crear emprego e prestar servizos a profesionais autónomos, leva a algún sector doutrinal a considerar ás cooperativas de fomento do emprendemento como unha figura intermedia entre as cooperativas de traballo asociado e as cooperativas de servizos, xa que nestas o/a traballador/a autónomo/a terá liberdade para a fixación das condicións da prestación laboral (horario, funcións, lugar de traballo, etc.) e a cooperativa soamente se deberá limitar a aportar unha serie de servizos, sendo que para o cumprimento do seu obxecto social, poderán desenvolver calquera actividade económica ou social.

3.3 Cooperativas de Consumidores e Usuarios

(Artigo 115 e seguintes da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de Cooperativas de Galicia)

Segundo establece a norma, son cooperativas de consumidores e usuarios aquelas que teñen por obxecto procurar bens e servizos para o consumo das súas persoas socias e das persoas que convivan coas mesmas, producindo os bens e servizos que proporcionen ou adquiríndoos de terceiras persoas, así como a defensa e promoción dos dereitos dos consumidores ou consumidoras e usuarios ou usuarias. Poderán ser persoas socias destas cooperativas as persoas físicas e xurídicas e as entidades ou organizacións de consumidores ou consumidoras que tivesen o carácter de destinatarios finais. O subministro de bens e servizos da cooperativa ás súas persoas socias terá a consideración de operacións societarias internas, resultando a mesma cooperativa, así como as súas persoas socias, para todos os efectos, como consumidoras directas.

Así mesmo, poderán realizar actividades cooperativizadas con terceiras persoas non socias, dentro do ámbito territorial da cooperativa, ata o límite previsto nos estatutos sociais e se os mesmos non se pronunciasen, o límite establécese nun 50% das súas operacións coas persoas socias.

3.4 Clasificación autónoma das Cooperativas de fomento do emprendemento

As cooperativas de impulso empresarial, polas singularidades que presentan en canto á súa finalidade, obxecto social e persoas socias que a integran, debería gozar de entidade xurídica propia e, por iso, consideramos que a cualificación que máis se axusta son aquelas lexislacións, como a cántabra ou a valenciana, que as desvinculan das cooperativas do traballo asociado e as clasifican como un modelo de cooperativas especiais, diferenciándoas especificamente das cooperativas de traballo e das cooperativas de servizos.

4. Marco legislativo comparado



A lexislación autonómica en materia de cooperativas comezou a incorporar a regulación das cooperativas de impulso empresarial ou cooperativas de emprendemento, incluíndoas como resposta do cooperativismo ao apoio á creación e crecemento de actividades económicas e sociais desenvoltas por novos emprendedores ou emprendedoras.

As cooperativas de impulso empresarial pretenden facilitar a innovación social desde un estrito cumprimento dos principios cooperativos. Trátase dunha eficaz ferramenta de fomento do emprendemento, capaz de conseguir o xurdimento de servizos que doutro xeito permanecerían no ámbito da economía informal. Por este motivo, a maioría están impulsadas por organismos ou Administracións Públicas, sendo unha ferramenta das súas políticas de emprego.

Como parte destas políticas pode emitirse unha regulación normativa específica desta clase de cooperativas, ou ben unicamente unha actividade de promoción dalgunha delas. Neste sentido, podemos clasificar a estas cooperativas en función, en primeiro lugar, da súa forma xurídica e, en segundo lugar, de se posúen ou non unha regulación específica que poda determinar dita forma ou categoría.

Na lexislación estatal no eido das cooperativas, temos seis exemplos de regulación de cooperativas de impulso ou fomento empresarial:

1. Lei 14/2011, de 23 de decembro, de Sociedades Cooperativas Andaluzas.

A cooperativa de impulso empresarial, regulada no artigo 93 da Lei 14/2011, do 23 de decembro, de sociedades cooperativas andaluzas, foi a pioneira no xénero, e que as encadra como unha subespecie das cooperativas de traballo asociado.

A lei andaluza defíneas como un subtipo das cooperativas de traballo asociado, aínda que normalmente son cualificadas como cooperativas «híbridas» entre cooperativas de traballo asociado e as cooperativas de servizos, o que parece querer explicar a súa estrutura de traballo asociado, pero o seu obxectivo de prestar servizos empresariais.

Artículo 93. Cooperativas de impulso empresarial.

1. Son sociedades cooperativas de impulso empresarial las que tienen como objeto social prioritario canalizar, en el ámbito de su organización, la iniciativa emprendedora de sus socios y socias, mediante la orientación profesional, la provisión de habilidades empresariales precisas para el desarrollo de cada una de sus actividades, la tutorización de dichas actividades en los primeros años de su ejercicio o la prestación de determinados servicios comunes a las personas socias que les proporcione un ámbito donde desempeñar regularmente su actividad profesional.

2. En estas entidades pueden coexistir dos tipos de personas socias: las que prestan orientación, formación, tutoría o servicios complementarios, en cuyo caso, su condición societaria se ajustará a los requisitos establecidos, con carácter general, en el artículo 13.1, y quienes resultan beneficiarias de dichas prestaciones, que habrán de ser

personas físicas. Ambas condiciones podrán recaer, según los casos, en cualquiera de los socios o socias, prevaleciendo a estos efectos, la condición de persona física.

3. Reglamentariamente, se regularán determinados aspectos de esta modalidad cooperativa, especialmente en lo relativo a su objeto, duración de la prestación de trabajo, estatuto de la persona socia y ejercicio de derechos y deberes sociales.

2. Lei 12/2015, de 9 de xullo, de cooperativas. Comunidade Autónoma de Cataluña.

A cooperativa de fomento empresarial, regulada na Disposición adicional terceira da Lei 12/2015, do 9 de xullo, de cooperativas de Catalunya, que remite ao regulamento a clase de cooperativa á que se asimilan. En canto ao seu obxecto, régulase de forma similar á cooperativa de impulso empresarial andaluza.

Disposición adicional tercera. Cooperativas de fomento empresarial.

1. Las cooperativas de fomento empresarial son las que tienen por objeto social prioritario el apoyo a la creación y al crecimiento de actividades económicas y sociales desarrolladas por nuevos emprendedores.

2. Las cooperativas de fomento empresarial deben fijar como prioridad, en el marco de la actividad cooperativizada, la iniciativa emprendedora de los socios y promover por medio de actividades como la orientación profesional, la facilitación de habilidades empresariales precisas para el desarrollo de cada una de sus actividades, la tutorización de estas actividades en los primeros años de ejercicio o la prestación de determinados servicios comunes a los socios que les proporcione un ámbito donde desarrollar su actividad profesional.

3. La clase de cooperativa de fomento empresarial debe regularse por reglamento.

3. Lei 9/2018, de 30 de outubro, de sociedades cooperativas de Extremadura.

A cooperativa de impulso empresarial regulada no artigo 172 da Lei 9/2018, do 30 de outubro, de sociedades cooperativas de Extremadura, que tamén as considera «cooperativas especiais», e que fai fincapé no seu carácter de prestadora de servizos.

Sociedades cooperativas de impulso empresarial. Artículo 172 Objeto y régimen jurídico.

1. Son sociedades cooperativas de impulso empresarial aquellas cuyo objeto social consiste en canalizar, en el ámbito de su organización, la iniciativa emprendedora de sus socios, mediante la orientación profesional, la provisión de habilidades empresariales precisas para el desarrollo de cada una de sus actividades, la tutorización de dichas actividades en los primeros años de actividad o la prestación de determinados servicios comunes a los socios.

2. Las sociedades cooperativas de impulso empresarial asocian a personas jurídico-públicas o a entidades sin ánimo de lucro que prestan orientación, formación, tutoría o servicios complementarios para otros socios personas físicas de la sociedad cooperativa, quienes resultan beneficiarios de dichas prestaciones, y quienes prestan trabajos en nombre de la sociedad cooperativa para terceros.

4. Lei de Cantabria 6/2013, de 6 de novembro, de Cooperativas de Cantabria.

A cooperativa de impulso empresarial, regulada no artigo 130 da Lei 6/2013, do 6 de novembro, de Cooperativas de Cantabria regula de forma similar o obxecto da cooperativa, pero non determina a que categoría pertence, senón que as agrupa nas cooperativas especiais.

De las cooperativas de impulso empresarial. Artículo 130:

1. Son sociedades cooperativas de impulso empresarial las que tienen como objeto canalizar la iniciativa emprendedora de sus socios, mediante la orientación profesional, la provisión de habilidades empresariales, o la prestación de servicios comunes. También podrán tener por objeto la intermediación laboral, a través de la normalización y regularización de actividades económicas informales.

2. En estas cooperativas pueden existir dos tipos de socios:

a) Los socios prestadores de servicios o de estructura, que podrán ser personas físicas o jurídicas, públicas o privadas. Son los responsables del correcto funcionamiento social, económico y financiero de la cooperativa.

b) Los socios ordinarios o receptores de servicios, que podrán ser únicamente personas físicas, y prestarán su trabajo a través de la cooperativa.

3. Reglamentariamente, se regularán determinados aspectos de esta modalidad de cooperativa, especialmente lo relativo a su objeto, duración de la prestación de trabajo, estatuto del socio y ejercicio de derechos y deberes.

5. Decreto Legislativo 2/2015, de 15 de maio, del Consell, polo que aproba o texto refundido da Lei de Cooperativas da Comunitat Valenciana.

A cooperativa de emprendemento regulada no artigo 97 bis da Lei 2/2015, do 15 de maio, de sociedades cooperativas da Comunidade Valenciana, que foi introducido polo Decreto Lei 4/2023, do 10 de marzo, con Consell Valenciano, atópase vixente dende o pasado 15 marzo de 2023, sendo a regulación mais recente de este tipo de cooperativas no ámbito autonómico.

Artículo 97 bis. Cooperativas de emprendimiento.

1. La finalidad de las cooperativas de emprendimiento es fomentar el empleo cooperativo y favorecer un desarrollo socioeconómico sostenible e innovador. Estas cooperativas tienen por objeto generar comunidades de ayuda mutua en torno a la necesidad común de las personas socias de crear su propio puesto de trabajo en unas condiciones que le permitan un desarrollo profesional acorde a sus capacidades y aspiraciones personales.

2. Podrán incorporarse a la cooperativa de emprendimiento personas físicas portadoras de un proyecto empresarial que aspiren a constituirse en cooperativa. La permanencia

en la cooperativa de estos socios y socias, que en ningún caso podrá exceder del plazo de un año, estará limitada al tiempo necesario para finalizar y poner a prueba su proyecto empresarial, así como para tomar la decisión de constituir o no una cooperativa. Transcurrido este tiempo, la persona socia causará baja y tendrá derecho a la liquidación de su aportación obligatoria a capital, que le será reembolsada en el momento de la baja sin que sean de aplicación los plazos máximos de reembolso previstos en el artículo 61 de esta ley. Estos socios y socias tendrán los mismos derechos y obligaciones previstos en esta ley cualquier persona socia de carácter indefinido y su aportación a capital será la que establezcan los estatutos sociales de la cooperativa.

3. También podrán integrarse como socios de las cooperativas de emprendimiento personas jurídicas que tengan por objeto el fomento del cooperativismo o del emprendimiento en territorio de la Comunitat Valenciana, o bien la lucha contra el desempleo. Su permanencia en la cooperativa tendrá carácter indefinido.

4. La cooperativa, dentro de su objeto social, prestará a sus socios servicios de formación, acompañamiento y asesoramiento, sobre todo en aspectos relacionados con el cooperativismo, la gestión empresarial y el emprendimiento, y podrá generar oportunidades para someter las ideas de negocio de sus socios y socias a una prueba de viabilidad comercial en condiciones de realidad. Para realizar dicha prueba, la cooperativa proveerá al mercado de servicios relacionados con los proyectos de autoempleo que albergue en su seno, y podrá contratar a sus socios y socias por el tiempo que resulte imprescindible.

5. Las relaciones comerciales que la cooperativa establezca para el desarrollo de su objeto social formarán parte de su actividad cooperativizada y tendrán la consideración a todos los efectos de operaciones con los socios.

6. Lei 11/2019, de 20 de decembro, de Cooperativas de Euskadi.

Esta norma de reciente modificación, expón no seu prólogo que inclúe unha nova clase de cooperativa de fomento empresarial, como resposta do cooperativismo ao apoio á creación e crecemento de actividades económicas e sociais desenvoltas por novos emprendedores ou emprendedoras. E así é como introduce esta novidosa figura nas clases de cooperativas que regula:

Artículo 135. Cooperativas de fomento empresarial.

1. Las cooperativas de fomento empresarial son las que tienen por objeto social el apoyo a la creación y al crecimiento de actividades económicas y sociales desarrolladas por nuevos emprendedores y emprendedoras.

2. Las cooperativas de fomento empresarial deben fijar como prioridad, en el marco de la actividad cooperativizada, la iniciativa emprendedora de los socios y socias y promover, por medio de actividades como la orientación profesional, la facilitación de habilidades empresariales precisas para el desarrollo de cada una de sus actividades y la tutorización de estas actividades en los primeros años de ejercicio.

4.1 Cooperativas de Impulso empresarial en funcionamiento

4.1.1 Modelo SMART IBERICA DE IMPULSO EMPRESARIAL, S. COOP. AND.

En abril de 2013 ten lugar a constitución da “primeira cooperativa de impulso empresarial española”, Smart. De feito, a creación desta forma xurídica innovadora no contexto español inspirouse no modelo cooperativo francés e belga para o seu desenvolvemento normativo.

Actualmente, Smart é unha comunidade colaborativa con máis de 3000 socios activos, pioneira na transformación dos ecosistemas de traballo no gremio das artes, a creatividade e o entretemento.

É parte dunha rede europea conectada con presenza en 9 países co propósito de liderar a transición cara a un ecosistema profesional creativo sostible: Making Europe Work.

A estrutura de Smart Ibérica mantense co 7,5% da base imponible de cada actividade:

- O 6,5 % destínase ao mantemento da cooperativa e dos servizos mutualizados: seguro de responsabilidade civil, prevención de riscos laborais, pago de impostos, xestións e trámites administrativos, contabilidade, asesoramento xurídico etc.
- O 1% destínase ao Fondo de garantías, que garante o pago dos impostos de seguridade social e Facenda fronte a posible falta de pagamentos que sufra a Cooperativa para afrontar os devanditos gastos en momentos puntuais.

1. Regulación.

Smart Ibérica de Impulso Empresarial Sociedade Cooperativa Andaluza constitúese como unha Cooperativa de Impulso Empresarial, cuxa finalidade primordial é a orientación, formación, titoría ou prestación de servizos ás súas persoas socias usuarias e a realización de tarefas de intermediación entre estes e as terceiras persoas ás que prestan os seus servizos, de conformidade co establecido nos artigos 93 da Lei 14/2011, do 23 de decembro, de Sociedades Cooperativas Andaluza (en diante, LSCA) e 81 a 86 do Decreto 123/2014, do 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 14/2011, do 23 de decembro, de Sociedades Cooperativas Andaluza (en diante, RLSCA).

Artículo 93. Cooperativas de impulso empresarial.

1. Son sociedades cooperativas de impulso empresarial las que tienen como objeto social prioritario canalizar, en el ámbito de su organización, la iniciativa emprendedora de sus socios y socias, mediante la orientación profesional, la provisión de habilidades empresariales precisas para el desarrollo de cada una de sus actividades, la tutorización de dichas actividades en los primeros años de su ejercicio o la prestación de determinados servicios comunes a las personas socias que les proporcione un ámbito donde desempeñar regularmente su actividad profesional.

2. En estas entidades pueden coexistir dos tipos de personas socias: las que prestan orientación, formación, tutoría o servicios complementarios, en cuyo caso, su condición societaria se ajustará a los requisitos establecidos, con carácter general, en el artículo 13.1, y quienes resultan beneficiarias de dichas prestaciones, que habrán de ser personas físicas. Ambas condiciones podrán recaer, según los casos, en cualquiera de los socios o socias, prevaleciendo a estos efectos, la condición de persona física.

3. Reglamentariamente, se regularán determinados aspectos de esta modalidad cooperativa, especialmente en lo relativo a su objeto, duración de la prestación de trabajo, estatuto de la persona socia y ejercicio de derechos y deberes sociales.

2. Objeto social.

Os estatutos definen o seu obxecto social no artigo 2. SMART IBERICA DE IMPULSO EMPRESARIAL, S. Coop. And., defínese como unha entidade de economía social, democrática, solidaria e sen ánimo de lucro.

O obxecto social desta Sociedade Cooperativa é a actividade de orientación, formación, tutoría e prestación de servizos mutualizados aos artistas, creativos e traballadores intermitentes do sector cultural e a prestación de servizos artísticos, creativos e culturais á sociedade en xeral, a entidades tanto públicas como privadas. Así mesmo poderán levar a cabo outras actividades afíns e coherentes coas sinaladas anteriormente.

A actividade que Smart Ibérica de Impulso Empresarial S. Coop. And. proporciona ás súas socias e socios usuarios, poderá adoptar un carácter temporal, ligada ao lanzamento de determinados proxectos, ou un carácter estable, unida ao acompañamento duradeiro da actividade emprendedora.

A cooperativa Smart Ibérica de Impulso Empresarial tamén poderá realizar tarefas de intermediación entre os seus socios e socias usuarios da citada actividade e as terceiras persoas ás que, á súa vez, aqueles presten os seus servizos.

3. Clases de persoas socias.

Nestas entidades poden coexistir dous tipos de persoas socias: as que prestan orientación, formación, tutoría ou servizos complementarios, e quen resulta beneficiarias das devanditas prestacións, que haberán de ser persoas físicas.

